

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 22/12/2023**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D ^a . Marta Fernández-Tapias Núñez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. José Carlos López Campos
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D. Carlos López Font
	D. Carlos Gómez Prado
	D ^a . Ana Laura Iglesias González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo en substitución de D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e dous de decembro do ano dous mil vinte e tres, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2023069328)



Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezasete de novembro do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA RENOVACIÓN DA CONDICIÓ DE “UNIDADE ASOCIADA DE I+D+i AO CSIC” Á UNIDADE “SISTEMAS AGROFORESTAI” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (EXPTE.: 2022001140)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente da:

“RENOVACIÓN DA CONDICIÓ DE “UNIDADE ASOCIADA DE I+D+i AO CSIC” Á UNIDADE “SISTEMAS AGROFORESTAI” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (DEPO-MBG-CSIC)

Dende o ano 2007 a Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra ten a condición de “Unidade Asociada de I+D+i ao CSIC” coa denominación “Sistemas Agroforestais” a través da Misión Bioloxica de Galicia (MBG) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

O 06/05/2014 asinou un Convenio específico de colaboración entre a axencia estatal do CSIC e a Deputación de Pontevedra para formalizar a asociación da unidade “Sistemas Agroforestais” da EFAreeiro de dita institución como Unidade Asociada de I+D+i ao CSIC coa denominación a través da MBG.

Esta condición de “Unidade Asociada” debe renovarse cada 3 anos, tal como se reflicte no propio Convenio e na Resolución de 28 de xuño de 2017 do Consello Reitor da Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións científicas pola que se aproba a norma reguladora das “Unidades Asociadas de I+D+i ao CSIC”.

Seguindo este regulamento, nos anos 2017 e 2020 renovouse a condición de unidade asociada.

Neste ano 2023 tramitouse novamente a solicitude de renovación, para o cal se remitiu ao CSIC a solicitude de autorización para a tramitación da prorroga.



O 16/08/2023 a PRESIDENCIA DO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS do Ministerio de Ciencia e Innovación emite a resolución pola que se renova a condición de “UNIDADE ASOCIADA DE I+D+i AO CSIC Á UNIDADE “SISTEMAS AGROFORESTALS” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA”.

A duración desta prórroga será de 3 anos, segundo o disposto no punto 3 da NORMA REGULADORA DAS UNIDADES ASOCIADAS DE I+D+i AO CSIC, aprobada por Resolución de 28/06/2017 do Consello Reitor da Axencia estatal CSIC.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica
A XEFA DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO
Asdo.: M^a del Carmen Salinero Corral”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da renovación referida “ut supra”.

3.- DAR CONTA DO INICIO DO PROXECTO BEAP-MAR “BIOECONOMÍA AZUL NA ÁREA ATLÁNTICA: NOVOS PRODUTOS DE ORGANISMOS MARIÑOS” (expte.: 2023007187)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción comunitaria, Impulso Rural e Medio ambiente, do comezo o 15/12/2023 do proxecto:

“BEAP-MAR “Blue BioEconomy in the Atlantic Area: New Products from MARine organisms”

A Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra é un dos socios participantes do proxecto BEAP-MAR, que abordará os principais retos claves da bioeconomía azul no espazo atlántico e que acaba de recibir o respaldo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao ser un dos 27 proxectos aprobados inicialmente no marco da primeira convocatoria do programa Interreg Atlantic Area 2021-2027.



O proxecto, coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela, recibirá unha subvención de 1.658.718 euros, que supón o 75% do orzamento total do mesmo, que supera os 2,2 millóns de euros para os 36 meses de súa execución.

En concreto, o orzamento da Deputación para este proxecto é de 164.315 euros, dos que o programa Interreg financia o 75% (123.236 €).

O obxectivo principal de BEAP-MAR é valorizar os organismos mariños que non se teñen explotado comercialmente de maneira tradicional, como novas cepas de microalgas e macroalgas, fungos mariños e esponxas, coa finalidade de desenvolver novos proxectos innovadores e produtos sostibles de alto valor engadido. O papel de Areeiro neste proxecto é identificar os diferentes organismos mariños que se illen previamente, principalmente fungos, para que outros dos socios do proxecto poidan despois analizar se en ditos organismos existe algunha biomolécula que poida ser empregada na industria.

Ademais da USC e da Deputación, hai outros seis socios no proxecto INTERREG BEAP-MAR, pertencentes a catro estados membros da Área Atlántica: as universidades de Galway (Irlanda) e do Algarve (Portugal); o centros superiores de investigación do Politécnico de Leiria (Portugal) e do Commissariat a l'énergie atomique et énergies alternatives (Francia); a French Agency for Food, Environmental and Occupational Health & Safety (Francia), o WestBIC (centro de innovación empresarial, Irlanda).

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica
A XEFA DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO
Asdo.: M^a del Carmen Salinero Corral"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do inicio do proxecto referido "ut supra".

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica



O secretario da Comisión,
(documento asinado electronicamente)
Marcos Areán González

